

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 29 DE DECEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se dispón o cese de José Ramón Lete Lasa como secretario xeral para o Deporte.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral para o Deporte a Roberto García Fernández.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se dispón o cese de Julián Cerviño Iglesia como director xeral da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Decreto polo que se nomea director xeral da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a Damián Rey Rodríguez.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Grove do treito final da estrada PO-316, con inicio no p.q. 5+510 e final no p.q. 5+890, xunto co seu dominio público viario (DPV).
- Decreto polo que se aproba o texto consolidado e addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A., polo que se establecen as achegas extraordinarias para mitigar o impacto da subida de tarifas dos anos 2024, 2025 e 2026 e se regulan as bonificacións da peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas Unidades Asistenciais de Atención a Drogodependencias de titularidade municipal existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón o cese de Jorge Atán Castro como secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural a Marta Forés Lojo.
- Decreto polo que se dispón o cese de Manuel Rodríguez Vázquez como director xeral da Defensa do Monte.
- Decreto polo que se nomea director xeral da Defensa do Monte a Manuel Francisco Gutiérrez.
- Decreto polo que se dispón o cese de José Luis Chan Rodríguez como director xeral de Planificación e Ordenación Forestal.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal a Luisa Piñeiro Arcos.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se dispón o cese de Cándido Rial Rodríguez como director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a Isaac Rosón Sánchez-Brunete.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Arteixo para a execución do proxecto básico e de execución para a rehabilitación da Casa de Baños do edificio do balneario de Arteixo, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU por un importe de tres millóns oitenta e dous mil setenta e seis euros con trinta e sete céntimos (3.082.076,37 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do acordo marco, suxeito a regulación harmonizada, do servizo de elaboración, produción e plan de medios da campaña de promoción dos recursos naturais, culturais e gastronómicos de Galicia, tramitado por procedemento aberto e pluralidade de criterios, cun orzamento de licitación, sen IVE, de cinco millóns setecentos catorce mil oitocentos setenta e seis euros con catro céntimos (5.714.876,04 €), e un valor estimado de cinco millóns setecentos catorce mil oitocentos setenta e seis euros con catro céntimos (5.714.876,04 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilanova de Arousa para o proxecto de execución da área deportiva do talaso O Terrón, por un importe total dun millón oitocentos dezasete mil cincuenta e dous euros con noventa e nove céntimos (1.817.052,99 €), por tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e anticipada de gasto, da prestación do servizo de limpeza de determinados edificios administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia (3 lotes), polo importe de licitación de vinte e oito millóns douscentos sesenta e seis mil trescentos dous euros con sesenta e oito céntimos (28.266.302,68 €), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de cincuenta e seis millóns sesenta e cinco mil trescentos noventa e tres euros con setenta e catro céntimos (56.065.393,74 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Empresa Universidade Galega (Feuga) para a promoción, captación e retención de talento e o impulso da marca Galicia como activo para a I+D+i, por un importe dun millón oitocentos corenta mil vinte euros (1.840.020,00 €), por tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación Bioga, Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida para a implementación dun plan de actividades para impulsar a excelencia do sector biotecnolóxico a través da competitividade, a innovación e a transferencia no tecido empresarial galego do sector no período 2026-2027, por un importe de trescentos corenta e nove mil cincocentos setenta e dous euros con setenta e tres céntimos (349.572,73 €), a exención de garantías e que os pagamentos anticipados poidan acadar ata un 70 % da axuda total concedida, por tramitación anticipada de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Clúster Saúde de Galicia para a implementación dun plan de actividades para impulsar a competitividade, a innovación e a transferencia no tecido empresarial galego do sector saúde no período 2026-2027, por un importe de trescentos corenta e nove mil catrocentos nove euros con nove céntimos (349.409,09 €), a exención de garantías e que os pagamentos anticipados poidan acadar ata un 70 % da axuda total concedida, por tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación para realizar pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención total concedida e eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados establecido nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a posta en marcha de proxectos individuais de investigación e desenvolvemento, cuxa actividade se enmarca nas prioridades estratéxicas da RIS3 Galicia 2021-2027, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa de Galicia Feder 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2026, por un importe de tres millóns de euros (3.000.000,00 €), por tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza superar o límite no pagamento anticipado e eximir da constitución de garantías nos pagamentos á conta e anticipados derivados da Resolución pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas para a iniciativa Industria innova, dirixidas ao impulso de proxectos de desenvolvemento da innovación no sector industrial galego, orientados a mellorar a súa capacidade mediante o impulso de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e a innovación de procesos e organización, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, mediante a tramitación anticipada de gasto, e se convocan para os anos 2026, 2027 e 2028 en réxime de concorrència competitiva, por un importe total de trinta millóns de euros (30.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas IA360 orientadas a potenciar a innovación empresarial a través do desenvolvemento experimental e a aplicación da intelixencia artificial no tecido industrial galego e a súa cadea de valor, vencellado aos sectores estratéxicos ou de especial relevancia para a Xunta de Galicia, mediante a tramitación como anticipado de gasto, e se convocan para o ano 2026 en réxime de concorrència competitiva, por un importe total de dez millóns de euros (10.000.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o inicio da tramitación da Estratexia de innovación empresarial de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se declara o interese autonómico do proxecto denominado "Mellora da funcionalidade, capacidade e integración ambiental da VG-4.1 e PO-308 na entorna da Lanzada", situado nos Concellos do Grove e Sanxenxo
- Acordo polo que se autoriza a licitación das obras de construción dun edificio para 75 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais na parcela 11 do sector PP-1-R do Bertón, concello de Ferrol (A Coruña), cun orzamento de licitación e un valor estimado de once millóns catrocentos oitenta e un mil catrocentos trinta e tres euros con noventa e cinco céntimos (11.481.433,95 €), sen IVE por tratarse dun suposto de investimento de suxeito pasivo de IVE, por tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a concesión directa dunha axuda económica á entidade Galivivienda, Sociedad Cooperativa, para a promoción dun total de 224 vivendas protexidas en alugueiro nas parcelas Z-07, Z-27, Z-35 e Z-40 do Parque Ofimático, Xuxán, A Coruña, por un importe total de dez millóns setecentos corenta e oito mil setecentos cincuenta e catro euros (10.748.754 €), e eximir da prestación de garantías para percibir pagamentos á conta.
- Acordo polo que se toma razón da convocatoria do concurso de ideas para a redacción dos instrumentos de ordenación e a redacción dos proxectos e dirección de obra para a construción de vivendas e aloxamentos de promoción pública e anteprojectos de residencias xuvenís nos ámbitos de Salgueiriños, Santiago de Compostela, e no Campus de Elviña, A Coruña, cun importe de catro millóns trinta e seis mil novecentos trinta e un euros con cincuenta e dous céntimos (4.036.931,52 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se toma razón da licitación do contrato do servizo de redacción de proxecto e dirección de obra para a construción dun edificio para vivendas de promoción pública (VPP) na parcela OF1 do Plan parcial SUNP-16 Volta do Castro, rúa Ildefonso Sánchez Mera, Santiago de Compostela, cun orzamento estimado, IVE incluído, de douscentos noventa e sete mil trece euros con vinte e oito céntimos (297.013,28 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de mantemento de edificios e instalacións do Hospital Clínico Universitario de Santiago, do Hospital Gil Casares, do Centro de Protonterapia, do Centro de Radiofármacos PET, do Hospital Médico-Cirúrxico de Conxo e do Hospital Psiquiátrico de Conxo, pertencentes á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, por un importe total de licitación de doce millóns oitocentos trinta e oito mil setecentos setenta e cinco euros con dezaseis céntimos (12.838.775,16 €), IVE incluído, e un valor estimado de vinte e un millóns douscentos vinte e un mil cento quince euros con noventa e seis céntimos (21.221.115,96 €), por tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de material sanitario vario II: pulseiras identificativas, tubos, conectores, pinzas, filtros e humidificadores, e a posta á disposición do equipamento necesario, con destino as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un orzamento base de licitación, IVE engadido, de dous millóns novecentos cincuenta e un mil seiscentos dezaseis euros con cincuenta e seis céntimos (2.951.616,56 €) e un valor estimado sen IVE de catro millóns cincocentos cincuenta e tres mil catrocentos cincuenta e sete euros con setenta e oito céntimos (4.553.457,78 €), por tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se crea e se cualifica o Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia (CIMIX).

CONSELLO DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para realizar pagamentos á conta e pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e a exención da obriga de constituír garantía nos pagamentos á conta, cando o importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados sexa superior aos 18.000,00 €, nas axudas tramitadas ao abeiro do Acordo do Consello da Agader polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2026, por un importe máximo de vinte e oito millóns setecentos cincuenta mil euros (28.750.000,00 €), por tramitación anticipada de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se aproba a addenda que prorroga durante o ano 2026 o contrato programa plurianual do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia para o período 2021-2023.
- Acordo polo que se autoriza a exención de garantías na realización de pagamentos á conta a confrarías de pescadores, agrupacións de interese económico do sector pesqueiro, organizacións de produtores, cooperativas, asociacións profesionais de persoas pescadoras e mariscadoras e asociacións profesionais de redeiras, nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos para a modernización e mellora dos equipamentos e das infraestruturas dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e dos ancoradoiros, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), por un importe de dez millóns de euros (10.000.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

INFORMES

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a convocatoria das axudas para o impulso da innovación e da sustentabilidade do comercio local e artesanal para o ano 2026.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a Resolución do 12 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á conservación da contorna paisaxística e loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra, e se convocan para o ano 2026 mediante tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a licitación das obras de reposición de pavimentos en instalacións flotantes en varios portos, cun orzamento base de licitación de seiscientos trinta e oito mil catrocentos dous euros con noventa e dous céntimos (638.402,92 €), IVE incluído.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ROBERTO GARCÍA COMO SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE

O ata agora xefe do Servizo Provincial de Deportes na Coruña é licenciado en Educación Física e Deporte e conta con máis de 20 anos de experiencia en xestión deportiva, administración pública e educación física

O Consello da Xunta na súa xuntanza de hoxe acordou o nomeamento de Roberto García Fernández como secretario xeral para o Deporte, dentro do organigrama da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Roberto García naceu en 1965 na Coruña. É titulado en Educación Física e Deporte con mestrías en Alto Rendemento Deportivo, Deporte Especial e Xestión Deportiva, entre outra formación especializada.

En 2009 asumiu a Xefatura de Servizo Provincial de Deportes na Coruña, cargo que exerceu ata a actualidade. Previamente foi técnico municipal de Deportes e monitor de escolas deportivas municipais en Arteixo, ademais de profesor de Educación Física e preparador físico no Real Club Deportivo de La Coruña Fabril.

Foi tamén concelleiro na Coruña desde 2019 e voceiro municipal en Arteixo entre 2005 e 2009.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTOR DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA A DAMIÁN REY RODRÍGUEZ

Enxeñeiro técnico de Telecomunicación e funcionario de carreira, ata o momento, ocupaba o posto de xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Damián Rey Rodríguez como director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en substitución de Julián Cerviño Iglesia, que cesa a petición propia.

Damián Rey é enxeñeiro técnico de Telecomunicación (Universidade de Vigo, 2011) e funcionario de carreira.

Especialista en transformación dixital, xestión estratéxica TIC e modernización administrativa, conta con máis de dez anos de experiencia na Deputación de Pontevedra, onde desempeñou o posto de xefe técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías (27/11/2023 – 11/03/2024) e o de xefe do Negociado de Soporte (01/01/2022 – 26/11/2023).

Na actualidade, Damián Rey Rodríguez era xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra (12/03/2024).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DO GROVE DO TREITO FINAL DA PO-316, CORRESPONDENTE Á RÚA LUIS ANTONIO MESTRE

- Trátase dun treito de case 400 metros de lonxitude desta vía autonómica que xa adquiriu a condición de vía urbana, e a transferencia inclúe o dominio público viario
- Co cambio de titularidade, o Concello do Grove terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Grove do treito final da estrada PO-316, comprendido entre os puntos quilómetros 5+510 e 5+890, que se corresponde coa rúa Luis Antonio Mestre, xunto co seu dominio público viario.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello do Grove asinaron un acordo para o cambio de titularidade deste treito, dun total de 380 metros, que adquiriu a condición de vía urbana, ao soportar maioritariamente tráfico de carácter urbano e non resultar necesario para manter a continuidade e a coherencia da Rede autonómica de estradas de Galicia.

A transferencia deste treito a prol do Concello do Grove tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello do Grove terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas autonómicas e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito que se transferirá:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MANTÉN AS BONIFICACIÓNS E CONXELA AS PEAXES DAS AUTOESTRADAS AUTONÓMICAS PARA O ANO 2026

- O Goberno galego investirá 6,3 M€ para manter os prezos nas autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e da do Val Miñor (AG-57)
- Rueda salienta que estas medidas permitirán “que sigan sendo das máis baratas de España”
- Destaca que a suba correspondente ao IPC “será asumida polas arcas autonómicas” para que os usuarios non noten ningún incremento
- Tamén se manterán o ano vindeiro as bonificacións habilitadas por recorrencia, en horario nocturno ou para as familias numerosas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Executivo autonómico vai renovar o convenio coa concesionaria Autoestradas de Galicia para manter as bonificacións actuais das peaxes na autoestrada A Coruña-Carballo (AG-55) e na do Val Miñor (AG-57) e “conxelar as súas peaxes” para o vindeiro ano 2026.

A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, destina un orzamento de 6,3 M€ para seguir aplicando as bonificacións existentes e a limitación do IPC. O Goberno galego compensa así a sociedade concesionaria polo diferencial que se xera entre as peaxes que se aplicarán en 2026 e as tarifas contractuais. É dicir, “a suba do IPC será asumida polas arcas autonómicas”, indicou Rueda.

O obxectivo é estender ao ano 2026 a limitación tarifaria para que as peaxes non experimenten a suba que derivaría da aplicación da normativa contractual (Decreto 100/2008, do 17 de abril, da Xunta de Galicia). “Os case 30.000 usuarios diarios destas vías pagarán o mesmo que viñan facendo ata agora”, indicou.

O Goberno galego permite con esta medida que as tarifas base para o cálculo das peaxes do ano vindeiro non se actualicen respecto das vixentes en 2025, polo que resultarán para as persoas usuarias as mesmas peaxes que ata agora.

Bonificacións

A addenda ao convenio aprobado hoxe no Consello da Xunta tamén favorecerá a continuidade da aplicación das distintas liñas de bonificacións impulsadas pola Xunta nas autoestradas autonómicas, o que permitirá segundo resaltou Rueda “que sigan sendo das máis baratas de toda España”.

O Goberno galego ampliou no ano 2021 o desconto do 25 % da volta, así como do 50 % na segunda volta, a aquelas persoas usuarias recorrentes ata as 24 horas posteriores á realización da viaxe de ida.

Con esa modificación, estendeuse ás 24 horas despois do traxecto de ida o desconto do 25 % da viaxe de volta e o do 50 % na segunda viaxe de volta. Reforzouse así o anterior período de bonificación, que establecía que a volta debía realizarse no mesmo día

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

natural que a ida, polo que se favorecen as persoas que se desprazan por estas vías para acceder aos servizos públicos ou ao seu lugar de traballo.

Tamén proseguirá en vigor a bonificación ás familias numerosas nas estradas autonómicas, polo que se lle descontará a este colectivo o 100 % da viaxe de volta.

Estes descontos son compatibles con outras bonificacións en funcionamento, como a rebaixa do 50 % en horario nocturno.

Tal e como explicou o presidente, a conxelación das peaxes e o mantemento das bonificacións permitirá que usuario habitual da autoestrada Vigo-Baiona aforre "uns 260 euros ao ano", cifra que sube a algo máis de 390 € no caso do traxecto A Coruña-Carballo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO DE INTEGRACIÓN NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DO PERSOAL E DOS MEDIOS MATERIAIS DAS 13 UNIDADES MUNICIPAIS DE ATENCIÓN Á DROGODEPENDENCIA

- O presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, sinala que o traspaso se fará efectivo este 1 de xaneiro e que este “facilitará a atención integral dos pacientes” e a “derivación a outros servizos” garantindo un servizo de máxima calidade
- Trátase das unidades situadas nos concellos de Burela, Cangas, Carballo, Monforte de Lemos, Noia, O Grove, O Porriño, Ourense, Pontevedra, Ribeira, Santiago de Compostela, Vigo e Vilagarcía de Arousa
- O Goberno galego dedicará máis de 4,8 M€ a estes dispositivos asistenciais, que ata o de agora se financiaban a través dun convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias
- O Servizo Galego de Saúde asume as 95 prazas que compoñen o cadro de persoal destas unidades
- O obxectivo da integración é mellorar a asistencia ás persoas usuarias destes dispositivos, nos cales o ano pasado foron atendidos máis de 7.100 pacientes

O Executivo galego aprobou hoxe o decreto de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais da atención sanitaria prestada polas 13 unidades asistenciais de atención á drogodependencia (UAD) de titularidade municipal que, tal e como informou o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, a partir do 1 de xaneiro de 2026, quedan integrados no Servizo Galego de Saúde.

Segundo sinalou Rueda, o traspaso, que responde a un “compromiso adquirido coa Federación Galega de Municipios e Provincias” e os propios concellos, “facilitará a atención integral dos pacientes” así como “a derivación a outros servizos” garantindo un servizo de máxima calidade.

Trátase das unidades situadas nos concellos de Burela, Cangas, Carballo, Monforte de Lemos, Noia, O Grove, O Porriño, Ourense, Pontevedra, Ribeira, Santiago de Compostela, Vigo e Vilagarcía de Arousa.

O documento recompila o persoal que se traspasa, os postos de traballo vacantes e os bens inmoebles que se traspasan, así como os contratos obxecto de traspaso e/ou subrogación. A valoración do custo dos medios humanos e materiais ascende a 4.887.374,09 euros.

Na epígrafe de persoal, é obxecto de traspaso o persoal funcionario de carreira e laboral fixo de categorías sanitarias, así como o que reúna a mesma condición de fixeza e pertenza a categorías de persoal non sanitario, sempre que desenvolva as súas tarefas na unidade asistencial de atención á drogodependencia a xornada completa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ás prazas vacantes, o decreto recolle dúas garantías. Por unha banda, o persoal temporal que estea a participar nun proceso de estabilización permanecerá ata a resolución do proceso de selección e, se o supera, traspasarase ao Servizo Galego de Saúde como funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

Por outro lado, os e as traballadores que estean a substituír un/unha profesional que se traspasa permanecerán nas súas funcións ata a incorporación da persoa substituída ou ata a perda do dereito á reserva de praza ou, de ser o caso, ata a finalización do prazo establecido no contrato laboral ou no nomeamento.

O cadro de persoal que se vai traspasar compóñeno 95 prazas, das cales 25 están vacantes. Nelas inclúense profesionais de psicoloxía, de enfermaría, de medicina, de psiquiatría, persoal auxiliar de clínica, de traballo social, de educación social e persoal auxiliar administrativo, entre outras categorías.

O persoal das 13 unidades que se van traspasar atenderon en 2024 máis de 7.100 pacientes, que foron concretamente algo máis de 5.600 homes e preto de 1.500 mulleres. O obxectivo da integración é optimizar a asistencia que se lles presta nestas unidades.

Unha vez efectuado o traspaso, desenvolverase o proceso de integración no réxime estatutario de tales profesionais. Esta opción de integración terá carácter voluntario. En canto non se desenvolva este proceso, os profesionais manterán as condicións laborais que tiñan ata agora.

O traspaso foi acordado nunha comisión mixta constituída por seis representantes da Xunta de Galicia (pertencentes ás consellerías de Sanidade e de Facenda e Administración Pública, ademais do Servizo Galego de Saúde), tres representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e tres en representación das propias unidades.

O acordo recolle, ademais, os bens inmobles que albergan as unidades de atención ás drogodependencias, que continuarán a pertencer ao patrimonio de cada concello ou entidade pública que sexa titular, sen prexuízo da posta á disposición do seu uso a favor do Servizo Galego de Saúde.

O traspaso dos servizos obxecto deste acordo, así como dos medios persoais e materiais, farase efectivo a partir do 1 de xaneiro de 2026.

Ata o momento, o funcionamento das unidades financiábase a través de convenios entre a Xunta de Galicia e a Fegamp.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA NOMEA SECRETARIA XERAL TÉCNICA DE MEDIO RURAL A MARTA FORÉS E NOVOS DIRECTORES XERAIS DE DEFENSA DO MONTE E DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL A MANUEL FRANCISCO E A LUISA PIÑEIRO

Cesan, a petición propia, Jorge Atán como secretario xeral técnico; Manuel Rodríguez, como director xeral de Defensa do Monte; e José Luis Chan como director xeral de Planificación e Ordenación Forestal

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe varios cambios na Consellería do Medio Rural. Así cesan, a petición propia, o secretario xeral técnico, Jorge Atán, e os directores xerais de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez, e de Planificación e Ordenación Forestal, José Luis Chan.

Na súa substitución, o Goberno galego decidiu nomear a Marta Forés Lojo como nova secretaria xeral técnica da Consellería, a Manuel Francisco Gutiérrez como director xeral de Defensa do Monte e a Luisa Piñeiro Arcos como directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Marta Forés, nova secretaria xeral técnica

Marta Forés Lojo é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). De longa traxectoria na Administración autonómica, dende 2005 ostenta o título de funcionaria no Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia. Actualmente, e dende o ano 2022, ocupa a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico dentro da Consellería do Medio Rural. Con anterioridade, entre outras responsabilidades, desempeñou a de titular da Secretaría Xeral do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), organismo pagador dos fondos agrícolas europeos Feaga e Feader en Galicia, adscrito a Medio Rural. De feito, leva vinculada a esta Consellería en diferentes postos desde 2006.

Manuel Francisco, novo director xeral de Defensa do Monte

Manuel Francisco Gutiérrez ocupaba ata o de agora, dende maio de 2009, o cargo de xefe do servizo de Prevención de Incendios Forestais en Pontevedra. Enxeñeiro Técnico Forestal de profesión pola Universidade Politécnica de Madrid, é funcionario de carreira con máis de trinta anos de experiencia na dirección, planificación estratéxica e coordinación das políticas públicas de defensa do monte e prevención dos incendios forestais en Galicia. Con anterioridade foi xefe do Servizo de Conservación de Espazos Naturais dentro da Dirección Xeral de Conservación da Natureza e responsable do Servizo de Montes e Industrias Forestais en Pontevedra. Asemade, actuou como coordinador do Grupo de Expertos en Incendios Forestais do Parlamento de Galicia (2018-2019).

Luisa Piñeiro, nova directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal

Luisa Piñeiro Arcos viña desempeñando desde o ano 2022 a responsabilidade de directora-xerente da empresa pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga). Enxeñeira Técnica de Industrias Forestais pola Escola de Pontevedra e Master en *Consultoría e Verificación Medioambiental* do Instituto de Investigaciones Ecológicas de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Málaga, ten unha ampla formación e experiencia en materia de xestión ambiental e forestal. Foi tamén alcaldesa do concello pontevedrés de Moraña entre 2011 e 2020, delegada territorial da Xunta en Pontevedra e deputada provincial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ISAAC ROSÓN SÁNCHEZ-BRUNETE DIRECTOR XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Desde agosto do 2024 ata a actualidade foi director da Área de Innovación Empresarial do Igape

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Isaac M. Rosón Sánchez-Brunete como director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Licenciado en Enxeñería Naval e Oceánica pola Universidade da Coruña, desde agosto do 2024 ata a actualidade foi director da Área de Innovación Empresarial do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape). Con anterioridade tamén ocupou distintos cargos nos departamentos de Seguridade e Inspección Marítima das Capitanías Marítimas de Alacante e Barcelona.

A súa traxectoria profesional tamén estivo vinculada á docencia universitaria como profesor asociado na Facultade de Náutica barcelonesa. Asemade, conta con experiencia no eido privado, onde desenvolveu traballos relacionados co deseño naval en distintas empresas do sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA EN MÁIS DE 300.000 EUROS O INVESTIMENTO PARA A REHABILITACIÓN DA CASA DE BAÑOS DO BALNEARIO DE ARTEIXO

En total, a Xunta investirá 2,31 M€ e o incremento do orzamento investirase no cambio da cuberta e para acometer melloras que reforzan as garantías sanitarias das instalacións

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao acordo que amplía economicamente o convenio entre Turismo de Galicia e o Concello de Arteixo. A través deste acordo péchase unha nova addenda ao convenio xa subscrito entre as partes polo cal se rehabilitará a Casa de Baños do balneario da localidade, que incrementa a cantidade destinada en máis de 300.000 euros, ata sumar un total de 2,31 M€.

O acordo aprobado hoxe permitirá retirar a presenza de amiantos nas placas da cuberta dado o estado actual desta estrutura. Tamén será preciso modificar a parte da estrutura prevista na confluencia coa cuberta acristalada prevista para o patio central.

A isto súmanselle outras melloras, como a dotación dunha instalación para desinfección das augas e a execución dun revestimento interior dos pozos que ofrezca maiores garantías sanitarias. Ademais, tras a demolición do interior do inmovible, detectouse a necesidade de facer variacións, tanto na distribución como na estrutura do espazo.

En total, Turismo de Galicia asumirá 313.680,55 € a maiores, ata un total de 2,31 M€, que se repartirán en dúas cantidades: corresponden a 2025 1,66 M€ e a 2026, 650.936,78 €. A addenda inclúe ademais que, dado que o IVE non é elixible, o Concello asumirá o seu importe con cargo aos seus fondos propios. Isto, pola súa vez, implica que, aínda que no convenio inicial estaba previsto que o IVE da anualidade 2025 se imputase na súa totalidade á anualidade 2026, agora se reaxustará en cada anualidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DO ACORDO MARCO DA NOVA CAMPAÑA INSTITUCIONAL QUE ACOMPAÑA O CRECEMENTO TURÍSTICO E A PREPARACIÓN DO XACOBEO 2027

- A campaña terá impacto autonómico e nacional e constará de catro ondas para difundir a Comunidade en determinados momentos do ano durante 2026 e os primeiros meses de 2027
- A acción de promoción, dotada de 6,9 M€, afondará nos recursos turísticos de Galicia, ademais de promocionar os concertos do Xacobeo, os produtos de outono e Nadal e a proposta gastronómica en primavera baixo o impulso á marca país Galicia Calidade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do acordo marco do servizo de elaboración, produción e plan de medios da campaña de promoción dos recursos naturais, culturais e gastronómicos de Galicia, coa cal se busca incentivar a actividade turística galega ao longo de 2026 e comezos de 2027.

Tras os últimos datos turísticos que falan de máis de 6,6 millóns de visitantes alcanzados entre xaneiro e outubro deste ano que fixeron máis de 12,3 millóns de noites e superado xa o medio millón de peregrinos que realizaron o Camiño de Santiago tamén ata o momento, a Xunta de Galicia continúa na súa intención de consolidar o turismo como motor económico da Comunidade grazas a un modelo de turismo sostible, ordenado e ben planificado que consiga repartir a chegada de visitantes durante todo o ano e tamén por todo o territorio. Reforzaranse así as accións dun turismo sostible, diversificado, desestacionalizado e nunha clara aposta pola proxección internacional. Todo isto deu como resultado uns ingresos económicos no sector que superan os 408 M€.

Nesta conxuntura, a nova campaña busca acompañar o crecemento sostido do turismo na Comunidade galega e tamén a preparación do Xacobeo 2027, de xeito que se poña en valor a consolidación do destino e a repartición da riqueza que xera o turismo no territorio. Así, artículase ao redor de Galicia como destino, dos preparativos do vindeiro Ano Santo 2027, dos concertos do Xacobeo e de novos produtos turísticos, todo baixo a marca país Galicia Calidade como un valor identificativo e auténtico do territorio.

Ademais, a campaña contribuirá a amosar como se está avanzando en modernización, dixitalización e calidade dos servizos turísticos de Galicia, seguindo en todo momento os obxectivos fixados na Estratexia de turismo de Galicia 2030 e tendo en conta a boa percepción que existe entre a poboación residente sobre o turismo a nivel xeral. Precisamente, segundo recolle a Enquisa de residentes, elaborada por Turismo de Galicia, o 90 % dos galegos e galegas valora positivamente e moi positivamente a actividade turística no territorio.

Con estas premisas, durante 2026 continuarase traballando para reforzar Galicia Calidade como marca país de cara a seguir posicionando a Comunidade como destino internacional e competitivo. Ademais, reforzarase a imaxe dun sector moderno e adaptado ás demandas turísticas actuais. A internacionalización e a presenza en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mercados estratéxicos será outra das liñas prioritarias que se vai desenvolver, e contribuirase a impulsar a imaxe de Galicia neste mercado e revalorizaranse os principais recursos que fan deste un destino único e auténtico.

A Xunta de Galicia volverá contar cunha campaña de promoción do destino, que comezará en marzo de 2026 e terá unha duración prevista de 18 meses. Tendo en conta o período de duración deste acordo marco e dependendo das necesidades de difusión e comunicación, está previsto realizar un mínimo de catro ondatas, de impacto autonómico, nacional e darase impulso ao mercado internacional.

Serán, en concreto, a promoción turística de Galicia no verán, potenciando o interese turístico de Galicia durante o período estival de 2026; a promoción dos concertos do Xacobeo; a promoción de produtos turísticos específicos durante o outono ou Nadal e a promoción durante a primavera de 2026, prestando especial atención á proposta gastronómica.

Cun orzamento de 6,9 M€, a adxudicación realizarase mediante procedemento aberto e as ondatas incluírán anuncios en televisión, radios, prensa, revistas e edicións dixitais. Tamén se efectuará publicidade exterior. Este acordo marco incluírá os custos da estratexia, investigación, planificación, execución, xustificación e avaliación das campañas en medios de comunicación durante a súa vixencia, así como o custo da adquisición de espazos publicitarios en todos os soportes que se determinen.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

TURISMO DE GALICIA IMPULSA A OFERTA TURÍSTICA DE VILANOVA DE AROUSA CUNHA NOVA ÁREA DEPORTIVA DESTINADA AO LECER E ACTIVIDADES SAUDABLES

A instalación forma parte do talaso O Terrón e suporá un investimento global de 1,81 ME, dos cales a Xunta achegará 900.000 euros

A Xunta de Galicia contribuirá á construción dunha área deportiva no talaso O Terrón, en Vilanova de Arousa. O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio polo que se pecha a colaboración entre Turismo de Galicia e o concello da localidade pontevedresa, baixo o que a Axencia participará cunha achega de 900.000 euros nas obras.

O proxecto da área deportiva do talaso O Terrón está pensado en distintas fases. Na primeira proxectáronse os vasos de piscina, concretamente a piscina de recreo, que agora se completa con este conxunto. En concreto, o convenio prevé un edificio que funcione como equipamento dotacional para lecer, desenvolvemento e promoción de actividades saudables. A idea é que esta instalación funcione segundo un modelo de organización e un programa flexible, permeable, aberto á participación e relacionada coa saúde, vinculada á auga do mar.

Así, o edificio desenvolverase en planta baixa e ocupará tamén o semisoto da edificación anexa xa existente, que actualmente se emprega como almacén do campo de fútbol. Ademais, está previsto o equipamento dunha sala multiúsos, almacén, unha zona de vestiarios, recepción, enfermaría, un vaso de piscina infantil e un cuarto de instalacións, que se materializará no devandito semisoto.

En total, as distintas actuacións están valoradas en 1,81 M€, dos cales Turismo de Galicia achegará 900.000 €. A actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Axencia de desenvolver accións que contribúan a potenciar o turismo na Comunidade, e relaciónase co eixe estratéxico de consolidación do termalismo en que se está a traballar desde a Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O NOVO CONTRATO CENTRALIZADO DE LIMPEZA DOS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS

O contrato, que conta cun orzamento de 28,2 millóns de euros, está previsto que entre en vigor o 1 de outubro de 2026 por un período de 24 meses e prorrogable outros 24 meses máis

O Consello da Xunta aprobou hoxe a contratación do servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia, coa previsión de que entre en vigor o 1 de outubro de 2026 cunha duración de 24 meses e prorrogable por outros 24 meses máis. Nesta nova licitación o importe global ascende a 28,2 millóns de euros.

A nova licitación divídese en tres lotes, ao igual que a contratación actual. Así, o lote 1 inclúe diversos edificios administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia; o lote 2, os edificios integrados na Axencia Turismo de Galicia; e o lote 3, o servizo de limpeza dos edificios na Estrada (Pontevedra), isto é, o edificio da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) e o edificio do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (112).

Á hora de determinar a división en lotes, como nas contratacións anteriores, mantense a distribución procurando agrupar os centros que teñan unhas características comúns e que posibiliten unha execución máis coordinada do obxecto do contrato.

Este novo contrato comprende a limpeza dunha superficie total de 392.530,7 metros cadrados, polo que se incrementan deste xeito os centros e as superficies obxecto de limpeza respecto da licitación anterior, que entrou en vigor nos lotes 1 e 3 en decembro de 2022 e no lote 2 en marzo de 2023 cun orzamento inicial de 24,8 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA O PROGRAMA CIENCIA EMPRESA CON 3,7 M€ PARA REFORZAR A INVESTIGACIÓN E A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

- A Consellería de Ciencia contará cunha nova liña de axudas, dotada con 3 M€, para apoiar proxectos de I+D de pemes galegas en ámbitos como a biotecnoloxía, as enerxías limpas, a intelixencia artificial ou as tecnoloxías cuánticas
- Autorízanse tamén dous convenios de colaboración con Bioga e co Clúster Saúde de Galicia para impulsar a actividade do sector biotecnolóxico

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova iniciativa para impulsar a I+G+i. Trátase do programa Ciencia Empresa, dotado con 3,7 M€ para apoiar a investigación empresarial e a transferencia de coñecemento cara ás pemes da Comunidade. Trátase dun paquete composto por tres liñas de actuación: unha convocatoria de axudas, que se estreará en 2026, e dous convenios de colaboración con clústeres galegos. Grazas a eles, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP prevé mobilizar preto de 7 M€.

O obxectivo do programa Ciencia Empresa é potenciar a I+D e reforzar a capacidade de Galicia para transformar coñecemento en valor económico, apoiando a investigación que se realiza nas empresas (como xa se fai tamén coas universidades e os diferentes centros de investigación existentes que traballan no noso territorio) e a xeración de resultados tanxibles. Para iso, impulsaranse proxectos neste eido liderados por pemes galegas, favorecendo o emprego cualificado e a retención e atracción de talento.

Nova liña de axudas en 2026

A convocatoria Ciencia Empresa, unha das principais novidades do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, contará con 3 M€ e estará dirixida a pequenas e medianas empresas que executen, entre os anos 2026 e 2028, proxectos de investigación e desenvolvemento empresarial que permitan desenvolver solucións tecnolóxicas de alto impacto e mellorar así a competitividade das empresas.

A convocatoria, que se lanzará nos primeiros meses do ano 2026, estará financiada con fondos Feder no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, apostará polo fortalecemento do investimento privado en I+G+i e contribuirá a unha maior valorización dos resultados. Esta innovadora convocatoria, que pode inxectar ata 375.000 euros por beneficiario, porá o foco en proxectos de áreas como a biotecnoloxía, as enerxías limpas, a intelixencia artificial ou as tecnoloxías cuánticas, e tamén favorecerá a simplificación administrativa para facilitarlles o proceso ás empresas beneficiarias.

Convenios para impulsar a biotecnoloxía

A maiores desta nova convocatoria de axudas, o Consello da Xunta autorizou a renovación de dous convenios, que pasan a estar integrados no novo programa Ciencia Empresa. Trátase de acordos de colaboración co Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga) e co Clúster Saúde de Galicia (CSG) para impulsar a excelencia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do sector biotecnolóxico na nosa Comunidade e mellorar a súa competitividade, innovación e transferencia ao tecido empresarial. Os convenios, por un importe de 350.000 euros cada un, terán vixencia durante un período de dous anos (2026 e 2027).

No caso do convenio con Bioga, reforzarase o papel do sector biotecnolóxico empresarial galego e a súa cadea de valor para multiplicar o seu impacto económico. Concretamente, desenvolveranse actuacións para potenciar a capacidade de innovación do clúster e os servizos innovadores que presta aos seus asociados e ao conxunto do ecosistema galego, así como accións na dinamización e seguimento do sector.

De feito, a Consellería colabora con esta entidade desde o ano 2015 coa posta en marcha de cinco convenios que permitiron desenvolver condicións favorables para o crecemento en Galicia deste sector, que pasou de 33 a 66 empresas biotecnolóxicas entre 2015 e 2023, e que conta hoxe con 189 entidades que crearon 5.693 postos de traballo.

Finalmente, o convenio co Clúster Saúde ten como obxectivo posicionar a rexión como polo de referencia en biotecnoloxía aplicada á saúde, fomentando un sistema colaborativo neste subsector. Neste novo período, tras un convenio anterior de tres anos, reforzarase a vixilancia tecnolóxica e de mercados exteriores para incrementar as capacidades de transferencia propias. Ademais, asesoraranse e acompañaranse os axentes produtivos galegos no seu proceso de adaptación ao uso da intelixencia artificial.

O sector biotecnolóxico é un campo de especialización da I+G+i, polo que, ademais, destas actuacións, a Xunta porá en marcha en 2026 novas medidas específicas para apoiar este eido. Entre elas, destacan unha convocatoria de proxectos colaborativos prevista no Plan galego de investigación e investigación para este período.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E FEUGA AUMENTARÁN A CAPTACIÓN DE TALENTO CIENTÍFICO NO PROGRAMA OPORTUNIUS CON MÁIS DE 1,8 M€

- O Consello autoriza un acordo de colaboración para impulsar o talento investigador e reforzar a promoción internacional e a colaboración ao redor da I+G+i
- O convenio, que se asinará en 2026 e que se prolongará ata 2027, apoia unha das liñas prioritarias do Plan galego de investigación e innovación: as persoas

O Consello autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA) para incrementar o alcance do programa Oportunius, un dos sinais de identidade da I+G+i como marca Galicia Calidade no eido da ciencia. A través dunha achega de máis de 1,8 M€, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP reforzará durante 2026 e 2027 a captación e retención de talento investigador e potenciará a promoción internacional e a colaboración entre universidades e empresas neste eido, apoiándose para iso na experiencia de FEUGA.

O convenio, que se asinará a principios do novo ano, incide nunha das principais liñas do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027: o talento. Con esta colaboración, búscase crear un entorno favorable á atracción, retorno e permanencia na nosa Comunidade de profesionais dedicados á I+D+i, mellorando a boa evolución actual. Para iso, procurase que os beneficiarios das bolsas do Consello Superior de Investigación (ERC) integrados no programa Oportunius sexan quen de converter os seus proxectos de innovación en resultados que repercutan no progreso socioeconómico da rexión.

Por unha banda, FEUGA levará a cabo actuacións de difusión, sensibilización e divulgación do programa Oportunius e do potencial de Galicia para desenvolver unha carreira investigación de éxito. Ademais, incidirá na formación e asesoramento a candidatos e finalistas das bolsas ERC, as máis prestixiosas que se conceden na Unión Europea no ámbito investigador; no deseño de itinerarios para este persoal, e no acompañamento para definir estratexias que poñan en valor os seus resultados.

Impacto do programa

Desde a súa posta en marcha no 2014, o programa Oportunius leva apoiado xa a 41 investigadores que realizan 51 proxectos financiados polo ERC e facilitou 20 contratos Oportunius, así como o apoio a 31 profesionais finalistas destas axudas comunitarias.

Nesta década de andadura, Oportunius quintuplicou a inversión realizada, xa que investimento de 17,5 M€, logrou un retorno económico global de case 97 M€, o que, á súa vez, xerou máis de 290 empregos altamente cualificados.

Posicionamento internacional da I+G+i

A maiores, o convenio con FEUGA busca reforzar a ciencia feita en Galicia mediante a consolidación e o posicionamento da I+G+i a nivel internacional, así como impulsar a colaboración entre universidades e empresas para favorecer o desenvolvemento do talento investigador e a súa empregabilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta liña de actividade inclúe actuacións como a participación en eventos no exterior ou a organización de misións científicas que visiten a nosa Comunidade. Tamén a creación dunha web para presentar as capacidades e as oportunidades para desenvolver unha carreira investigadora en Galicia ou a realización de campañas de comunicación e a organización de eventos para promover perfís como os doutorados industriais que achegan un valor engadido á I+D+i galega.

Segundo convenio con FEUGA

Este é o segundo convenio que o Goberno autonómico asina con FEUGA en materia de talento. O primeiro, que supuxo un investimento de máis de 2M€ en tres anualidades (2023, 2024, 2025), recollía catro liñas de actuación que, neste segundo acordo, se concretan e reestruturan en dúas atendendo ás prioridades estratéxicas actuais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A PRIMEIRA ESTRATEXIA DE INNOVACIÓN EMPRESARIAL DE GALICIA COA QUE A XUNTA MOBILIZARÁ MÁIS DE 400 M€ EN TRES ANOS

- O investimento supón un incremento próximo ao 60% respecto ao escenario anterior para dotar ás empresas de alta tecnoloxía, atraer talento e proxectos tractores e crear espazos de experimentación
- “Se queremos un tecido produtivo moderno e competitivo, a innovación ten que formar parte indisoluble do seu día a día”, indica
- Resalta que o obxectivo é “incrementar nun 25% o número de empresas que innovan na comunidade” e que o investimento privado neste eido “chegue aos 1.500 M€”
- A conselleira de Economía e Industria salienta que innovar permitirá avanzar cara “unha competitividade sostible e xerar emprego de calidade”
- Como parte da estratexia, a Xunta destinará en xaneiro 40 M€ en axudas coas liñas Industria Innova e IA 360
- O gasto en innovación empresarial en Galicia superou no 2024 en 17 puntos a media estatal, cun total de 1.073 M€, o que representa un incremento do 30% nun ano

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello acordou hoxe iniciar os trámites para a posta en marcha da primeira Estratexia de Innovación Empresarial de Galicia 2026-2028 coa que se prevén mobilizar máis de 400 millóns de euros. O obxectivo é dotar de maior competitividade ao tecido produtivo e situar a innovación no centro do desenvolvemento económico da comunidade.

Tal e como explicou o presidente, esta medida enmárcase na aposta da Xunta por fomentar a innovación entre as empresas galegas. “Se queremos un tecido produtivo moderno e competitivo, a innovación ten que formar parte indisoluble do seu día a día”, resaltou.

Rueda sinalou que o obxectivo é aprobar a estratexia “no primeiro semestre de 2026” e, previamente, segundo explicou a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, vanse celebrar encontros cos axentes sociais e as entidades do sector para recoller as súas achegas co fin de consolidar Galicia como unha fábrica de innovación capaz de transformar talento e coñecemento en solucións con impacto real na economía e na sociedade.

En definitiva, trátase de converter a innovación nunha práctica cotiá do tecido empresarial galego e non nunha moda nin unha excepción. Para logralo, a Xunta vai buscar a implicación de empresas, centros de coñecemento, clústeres e as distintas administracións. “Queremos que se innove máis, se innove mellor e isto se traduza nunha competitividade sostible e emprego de calidade”, indicou a conselleira.

Reforzar a cooperación público-privada incorporando as pemes aos procesos de transformación nun mundo cada vez máis competitivo e globalizado é un dos propósitos da iniciativa, que estará moi centrada nas pemes, xa que, nun escenario tan globalizado,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tecnolóxico e competitivo como o actual, a maioría das que non innoven están condenadas a desaparecer.

Así, folia de ruta 2026-2028 mobilizará “máis de 400 millóns de euros de fondos propios, cun incremento próximo ao 60% respecto do escenario previo”, segundo indicou Lorenzana. Este investimento permitirá atraer talento e proxectos tractores, crear espazos de experimentación, activar innovación e dotar ás empresas de alta tecnoloxía baseada na IA.

Rueda explicou que a estratexia agarda “incrementar nun 25 % o número de empresas que innovan en Galicia”, cifradas en máis de 1.750 segundo os últimos datos, “e conseguir que o gasto privado neste eido medre ata os 1.500 millóns de euros”. Tamén se aspira a atraer, reter e mobilizar talento cualificado, e impulsar redes de apoio que acompañen ás empresas.

Antecedentes: a Área de innovación

A posta en marcha da Estratexia de Innovación Empresarial de Galicia prodúcese tras a creación, en 2024, da Área de Innovación Empresarial no seo da Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, co obxectivo de impulsar a innovación como panca esencial da competitividade das empresas.

O Goberno galego considera que a innovación nas empresas só se consolida cando se traduce en maior produtividade, sustentabilidade, capacidade exportadora e emprego. Por iso, dar máis facilidades de financiamento ás empresas que aposten pola innovación, fomentar a autonomía tecnolóxica, pór a disposición instrumentos públicos e redes de apoio que acompañen ás empresas ou atraer e mobilizar talento son algúns dos eixos de actuación da estratexia cuxo borrador deberá estar listo no primeiro trimestre de 2026.

Catro eixes: retos, estruturación, financiamento e transversalidade

A Estratexia desenvolverase a través de catro grandes eixes: Retos empresa innovadora, Estruturación, Financiamento e Transversalidade, que prevén incorporar diferentes modalidades de apoios. No primeiro deles destacan a activación de dous programas: Industria Innova e IA360. Rueda salientou que o Consello acordou hoxe destinar “40 millóns de euros” a estas dúas liñas de axudas para “impulsar proxectos de investigación industrial ou implantar ferramentas de intelixencia artificial”.

Industria Innova, dotada con 30 millóns de euros, está destinada a apoiar proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación en procesos e organización nas empresas galegas, mentres que IA360 (10 millóns de euros) porá o foco na industria con prioridade nos proxectos vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia e contará con dúas tipoloxías de axuda. A primeira, para o desenvolvemento de tecnoloxías baseadas en IA; a segunda, para proxectos de implantación e aplicación de servizos e solucións comerciais baseadas nesta tecnoloxía.

No ano 2024, o gasto en innovación empresarial na comunidade galega acadou os 1.073,6 millóns de euros, rexistrando unha taxa anual do 30,4 % coa que supera en 17

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

puntos ao Estado (13 %). Tal e como explicou a conselleira, Galicia “é a cuarta comunidade onde máis aumentou o investimento”. Estes datos dan boa conta do esforzo que Galicia está a facer para incorporar a innovación como panca de crecemento en todas as áreas e procesos produtivos.

Tras a aprobación do inicio da tramitación da Estratexia de Innovación Empresarial de Galicia 2026-2028 no Consello celebrado hoxe, está previsto desenvolver un calendario de reunións que inclúe xuntanzas co Diálogo Social e a constitución dunha Mesa Empresa Innovación, así como a recollida de achegas de entidades e axentes do ámbito da innovación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á DECLARACIÓN DO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARA A MELLORA E INTEGRACIÓN DA VG-4.1 E PO-308 NA LANZADA, CUN INVESTIMENTO DE 40,4 M€

- O PIA permitirá tratar de forma conxunta unha ordenación territorial que conxugue as necesidades de mobilidade e de preservación dos valores ambientais desta zona
- Trátase dun conxunto de obras para mellorar a mobilidade nesta zona, no Grove e en Sanxenxo, para acadar fluidez no tráfico e integrar as estradas no medio natural
- Ampliarase a capacidade da VG-4.1, entre Sanxenxo e A Lanzada, prologando a autovía ata o enlace de Noalla e cun terceiro carril entre A Lanzada e Noalla
- Executarase unha ampliación a 4 carrís do tramo da PO-308 entre a glorieta da V.G.-4.1 e a PO-550, e habilitarase unha senda peonil e ciclista que percorra A Lanzada
- Tamén se proxecta a restauración ambiental de dunas e o aumento da capacidade das drenaxes transversais da PO-550 e a V.G.- 4.1, que contribuirán á renovación de auga das zonas húmidas

O Consello da Xunta deulle luz verde á declaración do Proxecto de interese autonómico para impulsar a mellora da funcionalidade, capacidade e integración ambiental da VG-4.1 e da PO-308 na contorna da Lanzada, que suporá un investimento de 40,4 M€.

A singularidade e a relevancia desta actuación impulsada pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas fan necesario utilizar unha das ferramentas das que dispón a Comunidade Autónoma a través da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, como é a do proxecto de interese autonómico (PIA).

Dado o espazo en que se desenvolverá a intervención, a estratexia constará dun enfoque integral, polo que o PIA permitirá tratar de forma conxunta unha ordenación territorial que teña en conta as necesidades de mobilidade e preservar os valores ambientais.

Trátase dun conxunto de actuacións para dar resposta ás necesidades de mobilidade nesta contorna, nos municipios do Grove e Sanxenxo, que contribuirá á maior fluidez do tráfico, especialmente no verán, época de grande afluencia turística. Ao mesmo tempo, proxectaranse accións de preservación dos valores ambientais desta zona, que pertence á Rede Natura 2000.

Os obxectivos fundamentais das intervencións previstas son mellorar a mobilidade global, poñer fin ás retencións no acceso ás praias e integrar mellor esta infraestrutura co medio natural.

As actuacións

En primeiro lugar, esta estratexia inclúe a ampliación da capacidade da VG-4.1 entre Sanxenxo e A Lanzada, prologando a autovía ata o enlace de Noalla e cun terceiro carril entre A Lanzada e Noalla.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En segundo lugar, executarase unha ampliación a 4 carrís do tramo da estrada PO-308 entre a glorieta da V.G.-4.1 e a PO-550.

En terceiro lugar, levarase a cabo o desprazamento do cruzamento peonil no tramo que se amplía da PO-308, substituíndo o que actualmente utilizan peóns e ciclistas que acceden á praia da Lanzada polo camiño dos Madóns. Tamén se construírá unha senda na PO-550.

En cuarto lugar, habilitarase unha senda peonil e ciclista no tramo que se amplía da PO-308, e no istmo da Lanzada da PO-316.

De xeito complementario a estas medidas viarias, no PIA tamén se incorporan actuacións ambientais de gran valor: restaurar dunas e aumentar a capacidade das drenaxes transversais da PO-550 e a V.G.- 4.1. Estas actuacións contribuirán á renovación de auga das zonas húmidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE 75 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO BERTÓN, EN FERROL

- Construiranse nunha parcela urbanizada pola Xunta de Galicia e da súa propiedade
- Esta é a sétima promoción de vivendas públicas que se pon en marcha en Ferrol
- A Xunta investirá preto de 14 millóns de euros nas obras destas vivendas públicas

O Consello da Xunta autorizou a licitación do contrato para a construción de 75 vivendas de promoción pública na parcela 11 do Bertón, en Ferrol.

A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) investirá 13.892.535,08 euros no contrato, que será licitado no próximo mes de xaneiro.

As vivendas construíranse na parcela 11 do polígono do Bertón, urbanizada pola Xunta de Galicia. O inmovible, que se configurará en tres bloques de baixo e cinco plantas, contará con 33 vivendas dun dormitorio (tres delas adaptadas para o uso por un persoa con mobilidade reducida) e 42 de dous dormitorios.

Cada bloque dispón de dous portais e conta con 6 plantas (baixo+5), e baixo rasante un soto que ocupa a totalidade da parcela, que por mor da topografía permite baixo o bloque 1 unha entreplanta tamén baixo rasante. Cada portal conta, ademais da escaleira e ascensor, con salas técnicas de instalacións e cuarto de limpeza. Na zona central de cada bloque dispónse: no bloque 1 un local comercial, no bloque 2 un local de uso comunitario aberto a un soportal exterior e no bloque 3 sitúanse 16 rochos.

No soto haberá 75 prazas de aparcamento e 13 rochos, mentres que os 46 restantes se encontran na entreplanta baixo rasante do bloque 1.

A Xunta ten actualmente en obras no Bertón dous bloques de 24 vivendas cada una, ao cal a comezos de 2026 se sumará esta promoción de 75 vivendas.

Tamén están adxudicados os contratos para a redacción dos proxectos de dous bloques de 49 e 58 vivendas e con proposta de adxudicación a redacción do proxecto doutro bloque de 58 vivendas, polo que son 288 vivendas as que están en fase de desenvolvemento, cun investimento que vai superar o 54 millóns de euros.

Infografías das vivendas:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UNHA AXUDA Á COOPERATIVA GALIVIVENDA PARA GARANTIR A VIABILIDADE DO PROXECTO PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA EN XUXÁN, NA CORUÑA

A achega, por importe de 10,7 M€, busca dar unha solución á cooperativa afectada para garantir a construción de catro inmobles para un total de 224 vivendas, que se ofrecerán en réxime de alugueiro accesible

O Consello da Xunta aprobou a concesión dunha axuda directa á cooperativa Galivivenda por un importe de 10,7 M€ para garantir a viabilidade do proxecto para a construción de vivenda protexida en Xuxán, no concello da Coruña. Con esta medida, o Goberno galego busca dar unha solución á cooperativa afectada para garantir a construción de catro inmobles para un total de 224 vivendas, que se ofrecerán en réxime de alugueiro accesible.

A Xunta decidiu outorgar esta axuda directa á cooperativa, con fondos autonómicos, para blindar estes fogares protexidos das familias, dadas as circunstancias de incerteza que sofre este proxecto en relación coa parte de financiamento a través do ICO e a inacción estatal, e para o caso de que a cooperativa non poida percibir a axuda de fondos europeos que tiña para esta promoción.

Os requisitos para a concesión da axuda inclúen que non se prorroguen os prazos de finalización das obras do programa de axuda á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) nin aprrobe o Estado un financiamento específico para estas obras. Deste xeito, en ningún caso poderán percibirse acumulativamente con estas axudas.

Así mesmo, outro requisito é que se asine antes do 31 de agosto de 2026 o préstamo co ICO que garanta a viabilidade da promoción, e deberase acreditar ante o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) a subscrición do dito préstamo e que Galivivienda lles ofrezca aos cooperativistas que se deron de baixa á posibilidade de reincorporación.

Hai que lembrar que, seguindo un modelo de actuación impulsado polo Estado para incrementar o parque público residencial, a Xunta puxo á disposición solo público en Xuxán a un prezo simbólico e tramitou e resolveu en tempo récord a subvención de fondos europeos para a cooperativa. O único que restaba para poder comezar as obras era o financiamento a través dun préstamo ICO.

Galivivienda leva case dous anos intentando pechar este financiamento co ICO, unha entidade que ten a consideración de axencia financeira do Estado, e cun convenio asinado co Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana para facilitar o financiamento deste tipo de actuacións.

Ante esta situación, desde a Xunta fixéronse intermediacións relativas ao financiamento destas actuacións co propio ICO, co Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana, a nivel de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dirección xeral, e directamente coa ministra e tamén coa Delegación de Goberno. En reiteradas ocasións solicitouse, ademais, información ao dito ministerio sobre que acontecería coas obras que non puidesen rematar antes do 30 de xuño de 2026, ao que sempre se contestou que se farían as xestións coa Comisión Europea para a prórroga dos prazos ou se buscaría unha solución alternativa.

Na Comisión Multilateral que tivo lugar o 25 de setembro de 2025 e na reunión da Conferencia Sectorial do 2 de outubro de 2025, o Ministerio confirmou que a Comisión Europea non ía ampliar o prazo de finalización e xustificación das actuacións, pero que se estaba en negociacións para intentar que, no caso de ter todos os obxectivos alcanzados, puidesen seguir financiándose actuacións iniciadas pero non finalizadas en 30 de xuño de 2026. Indicouse tamén que non meteron ningunha liña específica no borrador do Real decreto polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2026-2030.

Tendo en conta as dificultades existentes para poder finalizar as obras en prazo e que en día de hoxe está en dúbida a posibilidade de que Galivivienda poida seguir financiándose con cargo ao PRTR ou con cargo a un financiamento específico estatal, a Xunta busca con esta achega dar unha solución á cooperativa afectada para que 224 unidades de convivencia non se vexan imposibilitadas de acceder a unha vivenda en réxime de alugueiro xa que, no caso de perder a axuda, se comprometería a viabilidade das promocións.

Trátase de evitar que os numerosos cooperativistas que xa fixeron un investimento con fundamento no outorgamento previo dun dereito de superficie sobre solo público para a construción de vivenda protexida, e da concesión dunha subvención en concorrència non competitiva para levar a cabo esa actuación, teñan que asumir a perda tanto do investimento xa realizado como da dispoñibilidade mediante alugueiro das vivendas proxectadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTRUIRÁ 168 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA, 150 ALOXAMENTOS COMPARTIDOS E UNHA RESIDENCIA UNIVERSITARIA DE 150 PRAZAS NA CORUÑA

- O Goberno galego convocará un concurso de ideas arquitectónicas por importe de preto de 2,2 millóns de euros
- As vivendas, aloxamentos compartidos e a residencia universitaria construíranse nunha localización singular no propio Campus Universitario de Elviña

A Xunta de Galicia construírá 168 novas vivendas de promoción pública en terreos da súa propiedade na Coruña, así como 150 aloxamentos compartidos e unha residencia universitaria de 150 prazas.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a publicación dun concurso de ideas co obxectivo de acadar os mellores proxectos, cun investimento de 2,2 M€. A complexidade das actuacións, que combinan a ordenación urbanística dos ámbitos coa redacción de proxectos de urbanización e edificación, xustifican a fórmula do concurso de ideas.

Actuarase sobre os terreos propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) na zona de Elviña co obxectivo de construír 168 vivendas de promoción pública, 150 aloxamentos compartidos e unha residencia universitaria de 150 prazas. Así, a intervención conta cunha localización singular no propio Campus universitario de Elviña e próxima á trama urbana da cidade da Coruña, polo que resulta adecuado que os aloxamentos e vivendas que se constrúan no ámbito estean destinadas á mocidade.

Esta iniciativa súmase ás 104 vivendas que xa están en construción en parcelas propiedade da Xunta de Galicia en Xuxán e ás 99 que se construírán en terreos cedidos polo concello da Coruña.

Os gañadores do concurso encargaranse da redacción dos documentos necesarios para a ordenación das parcelas, os proxectos de urbanización, os proxectos de edificación das vivendas e dos aloxamentos protexidos e os anteprojectos de edificación das residencias universitarias.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo encargárase da urbanización das parcelas e da construción das vivendas e dos aloxamentos compartidos, mentres que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude construírá a residencia universitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTRUIRÁ 244 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA E UNHA RESIDENCIA UNIVERSITARIA EN SANTIAGO

- O Goberno galego convocará un concurso de ideas arquitectónicas por un importe de preto de 1,8 millóns de euros
- As 244 vivendas de promoción pública e a residencia universitaria de 150 prazas construíranse nunha parcela en Salgueiriños

A Xunta de Galicia construírá 244 novas vivendas de promoción pública en terreos da súa propiedade en Santiago de Compostela, así como unha residencia universitaria de 150 prazas.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a publicación dun concurso de ideas, cun investimento de 1,8 M€, co obxectivo de acadar os mellores proxectos. A complexidade de ambas as actuacións, que combinan a ordenación urbanística dos ámbitos coa redacción de proxectos de urbanización e edificación xustifican a fórmula do concurso de ideas.

Actuarase nunha parcela de 11.013 metros cadrados de superficie, propiedade da Xunta, situada en Salgueiriños, na cal se prevé a construción das 244 vivendas de promoción pública e da residencia universitaria de 150 prazas.

Ademais, o IGVS xa está a construír outras 60 vivendas de promoción pública en parcelas da súa propiedade, ten en marcha aloxamentos compartidos na parcela de Xoán XXIII e prevé outras 36 vivendas en Volta do Castro.

Os gañadores do concurso encargaranse da redacción dos documentos necesarios para a ordenación das parcelas, os proxectos de urbanización, os proxectos de edificación das vivendas e dos aloxamentos protexidos e os anteprojectos de edificación das residencias universitarias.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo encargarse da urbanización das parcelas e a construción das vivendas, mentres que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude construírá a residencia universitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA DE 36 VIVENDAS PÚBLICAS EN VOLTA DO CASTRO, SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Construiranse nun solo dotacional urbanizada pola Xunta e da súa propiedade, grazas á modificación normativa impulsada polo Goberno galego que permite construír vivendas protexidas ou aloxamentos compartidos en parcelas dotacionais en desuso ou abandonadas
- Esta é a quinta promoción de vivendas públicas que se pon en marcha en Santiago, onde a Xunta segue á espera de que o Concello ceda solo onde construír

O Consello da Xunta autorizou a licitación da redacción do proxecto e dirección de obra para construír 36 vivendas de promoción pública para alugueiro en Volta do Castro (Santiago de Compostela), segundo acordou hoxe o Consello da Xunta.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo investirá 397.013,28 euros no contrato, que será licitado no próximo mes de xaneiro.

As vivendas construíranse nunha parcela da rúa Ildefonso Sánchez Mera, incluída no SUNP de Volta do Castro, que foi urbanizado pola Xunta de Galicia. Inicialmente, este solo dotacional estaba destinado á construción dun inmovible para Portos de Galicia, pero a ampliación das instalacións de San Caetano déixao libre para a construción de vivendas. A construción neste solo dotacional é posible grazas á nova modificación normativa pola que solos destinados a dotacións de titularidade pública poderán destinarse á construción de vivenda protexidas ou aloxamentos compartidos, sempre e cando a parcela estea en desuso ou abandonada. É unha das medidas aprobadas pola Xunta para incrementar solo en que construír vivenda.

Con esta serán cinco as promoción de vivendas públicas da Xunta en Santiago. Tres, cun total de 60 vivendas, están xa en construción na zona do Castiñeiriño e Lamas de Abade, e outra, os aloxamentos compartidos de Xoán XXIII, está en fase de adxudicación do contrato para a redacción do proxecto e dirección de obra, que se producirá en breve.

En total, son 156 vivendas de promoción pública e aloxamentos, cun investimento total próximo aos 30 millóns de euros.

Con esa parcela esgótase o solo dispoñible en Santiago de Compostela para a construción de vivenda de promoción pública e a Xunta segue á espera de que o Concello ceda solo onde construír.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN, POR 12,8 MILLÓNS DE EUROS, DO MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS E DOS EQUIPAMENTOS DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- O contrato autorizado polo Consello da Xunta abrangue o Hospital Clínico Universitario de Santiago, o Hospital Gil Casares, o Centro de Protonterapia de Galicia, o Centro de Radiofármacos PET, o Hospital Médico Cirúrxico de Conxo e o Hospital Psiquiátrico de Conxo
- O contrato ten unha duración inicial de 3 anos e recolle unha posible prórroga por 24 meses máis
- Con este expediente a Xunta pretende minimizar a posible demora que deriva de avarías, ao tempo que optimiza o consumo enerxético dos edificios sanitarios e mantén as condicións de confort e de seguridade exixibles

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a licitación dun novo contrato de mantemento e conservación dos edificios, instalacións e equipamento do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, por un importe de 12.838.775 euros.

O contrato ten unha duración inicial de 3 anos e inclúe o mantemento do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, do Hospital Público Gil Casares, do Centro de Protonterapia de Galicia, do Centro de Radiofármacos PET, do Hospital Médico Cirúrxico de Conxo e do Hospital Psiquiátrico de Conxo.

Ademais, prevé a posibilidade de ser prorrogado por 24 meses máis, polo que, neste caso, o contrato acadaría un valor estimado de 21.221.115 euros.

O expediente autorizado hoxe polo Consello da Xunta ten como finalidade acadar o mellor estado de conservación, tanto das instalacións como dos equipamentos destes edificios pertencentes á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza. Con este contrato minimizaranse as posibles demoras ou paradas como consecuencia de avarías, adaptaranse as instalacións e os equipamentos ás necesidades de cada momento e velarase pola seguridade integral referida aos aspectos técnicos destes equipamentos.

Do mesmo xeito, a través deste contrato xestionarase o mantemento das instalacións e dos equipamentos que teñan contrato con outro proveedor, o cumprimento das normativas vixentes, así como o control, revisión e funcionamento dos novos equipamentos adquiridos.

Outro punto importante que inclúe o contrato é o de optimizar o consumo enerxético dos edificios mantendo as condicións de confort e seguridade exixibles, a indicación e xeración de informes de calquera defecto das instalacións ou equipamentos que diminúa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o seu rendemento, que produza un maior gasto enerxético ou que poña en perigo a seguridade dos e das profesionais e das persoas usuarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COMPRA CENTRALIZADA DE DIVERSO MATERIAL SANITARIO PARA AS SETE ÁREAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE POR CASE 3 M€

- Adquiriranse filtros para reconstruír fármacos mediante xiringa, tubos de silicona, filtros para realizar probas de función pulmonar ou auga estéril para humidificación
- O contrato tamén inclúe a adquisición de pulseiras para a identificación de pacientes, tanto pediátricos como adultos
- Coa licitación de forma centralizada deste contrato estímase un aforro de máis de 117.000 € cada ano

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por un importe de 2.951.616,56 euros e por un período inicial de tres anos, da subministración sucesiva de diverso material sanitario con destino ás sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

O contrato prevé posibles prórrogas de ata dous anos máis e ascende neste caso o valor estimado do contrato a 4.553.457,78 euros sen IVE.

O contrato recolle a subministración dun grupo heteroxéneo de produtos que cobre unha variada gama de necesidades na atención sanitaria. En concreto, adquírense pulseiras para a identificación de pacientes, deseñadas tanto para adultos como para pediátricos e neonatos. Estas pulseiras son fundamentais para garantir unha correcta identificación dos pacientes, evitan erros e melloran a seguridade na atención sanitaria. No último ano foron empregadas máis dun millón de pulseiras.

O contrato inclúe tamén tubos de silicona, adaptadores e conectores, que son ferramentas indispensables en diferentes procedementos como a aspiración de fluídos, conexións de seguridade para a nutrición enteral ou na drenaxe de fluídos.

Compraranse tamén punzóns para transferir de forma segura líquidos estériles entre viais e bolsa de soro; filtros para reconstituír fármacos mediante xiringa, que optimizan a preparación do medicamento para a súa administración; e filtros para realizar probas de función pulmonar, deseñados para ser instalados en equipamentos e garantir a precisión e seguridade durante a avaliación da función pulmonar, protexendo tanto o paciente como o equipo.

Ademais, recóllese a subministración de auga estéril para humidificación, que proporciona a humidade requirida durante as terapias respiratorias, segundo o fluxo e as necesidades de cada paciente. O seu uso axuda a prever molestias como sequidade nasal e irritación, o cal mellora a comodidade e a eficacia do tratamento.

Esta compra realizarase por primeira vez de forma centralizada, o que suporá un aforro estimado de 117.717,06 euros sen IVE cada ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A INTEGRACIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUÍÑOS INDUSTRIAIS DE XUVIA, EN NARÓN, NO SISTEMA GALEGO DE MUSEOS

- O Consello dá o visto e prace ao acordo para a creación e cualificación deste espazo, de titularidade municipal, como centro de interpretación do patrimonio cultural
- Únese deste xeito aos 96 espazos recoñecidos pola lei ata o de agora, que distingue outros tres centros de interpretación, 70 museos e 23 coleccións
- Valórase a súa significación como testemuño das actividades industriais en Galicia, narrando a historia do lugar vencellada a este complexo
- Trátase dun proxecto museográfico que, ademais de recuperar unha peza de importancia etnolóxica, tamén conta cun percorrido polo seu contexto histórico

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo para a creación e cualificación do Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia, xestionado polo Concello de Narón, que pasa así a integrarse no Sistema galego de centros museísticos tendo en conta a súa contribución a difundir e pór en valor un testemuño significativo da evolución das actividades industriais en Galicia.

Deste xeito, esta nova incorporación súmase á rede de 96 espazos recoñecidos ata o de agora, entre os cales se atopan outros tres centros de interpretación do patrimonio cultural: o da Fundación Legar en Quiroga, o da Torre de Hércules, na Coruña, e o do Muíño do Pan de Baamonde. A eles únense 23 coleccións rexistradas (aquelas que cumpren con criterios museográficos sen chegaren reunir os requisitos propios para funcionaren como un museo) e 70 museos, polo que se completan deste xeito as tres categorías recollidas pola Lei de Museos 7/2021.

Así, o complexo dos muíños de Xuvia gozará do recoñecemento que supón estar baixo o paraugas deste sistema, contando coa garantía de que cumpre con todos os requisitos en canto a instalacións, horarios de apertura, seguridade e plan museolóxico o documento que recolle todos os programas necesarios para o desenvolvemento do centro a nivel organizativo, expositivo e de difusión. Ademais, poderase acceder a convocatorias de axudas específicas para museos, entre outras vantaxes.

O Goberno galego considerou que se trata dun espazo que pon en valor o legado patrimonial dos muíños a través dun conxunto de edificacións restauradas nas cales, máis alá da recuperación dunha peza de valor etnolóxico, se narra a historia ligada ao lugar e aos procesos industriais. Neste senso, cómpre destacar que os muíños hidráulicos foron claves na industrialización en Galicia durante a Ilustración e de grande importancia para a subsistencia das comunidades e as economías locais.

As instalacións permiten así facer un percorrido polo seu contexto histórico, o que facilita a súa comprensión a través de maquetas, réplicas, escenografías ou pantallas táctiles, ademais de diversos textos e imaxes.

Un antigo complexo fabril

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Centro de Interpretación dos Muíños de Xuvia créase nun antigo complexo fabril do século XVIII construído polo francés Juan Lestache en 1775 sobre o río Xuvia, concretamente na aldea de San Roque e nunha zona verde de gran riqueza paisaxística, para dar cabida ás antigas fábricas de fariña. O edificio, de grande interese histórico e etnográfico, foi rehabilitado e convertido neste centro cultural polo Concello de Narón.

O proxecto museográfico divídese en varios espazos ao longo do complexo, aproveitando o inmovible dos muíños, o antigo almacén e a que fora habitación e despacho da familia propietaria. Así, conta cunha zona na cal se introduce o contexto histórico e diferentes módulos explicativos sobre a figura do empresario creador da fábrica. Inclúe, ademais, unha exposición permanente dirixida a comprender o aproveitamento das forzas da natureza a través de enxeños mecánicos para obter fariñas. A isto súmase o espazo estrela, a sala dos muíños, que conserva as estruturas industriais do momento. O equipamento complétase cunha sala de cultura dedicada ás figuras dos empresarios franceses desembarcados na comarca.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOSTA POLO DESENVOLVEMENTO RURAL COA MAIOR CONVOCATORIA DA HISTORIA DAS AXUDAS LEADER AO LONGO DE TRES ANOS

- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe esta nova convocatoria, que estará dotada con 28,7 M€ e que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, para a súa xestión en colaboración cos 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) da nosa Comunidade
- Estes fondos forman parte do orzamento total da intervención Leader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), que ascende a 56,9 millóns de euros para todo o período
- A repartición do orzamento en tres anualidades –2026, 2027 e 2028– permitiralles aos xestores dos proxectos desenvolver a súa idea con maior marxe de tempo

A Xunta fará efectiva a comezos do vindeiro ano a maior convocatoria da historia da intervención Leader para impulsar o desenvolvemento rural en Galicia, cun orzamento de 28,7 millóns de euros para distribuír no período 2026-2028. Esta repartición en tres anualidades permitiralles aos xestores dos proxectos desenvolver a súa idea con maior marxe de tempo. Estes fondos forman parte do orzamento total da intervención Leader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), que ascende a 56,9 millóns de euros para todo o período.

Os proxectos subvencionados ao abeiro desta convocatoria están cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) nun 80 %. As persoas beneficiarias destas axudas, que se distribuirán en réxime de concorrência competitiva, son as entidades públicas de carácter local ou comarcal, as persoas físicas e xurídicas e tamén as comunidades de montes en man común e as súas mancomunidades. Financiaranse iniciativas que supoñan a posta en marcha de proxectos produtivos xeradores de emprego e autoemprego, e non produtivos, que benefician a poboación rural. O Consello do Goberno galego avaliou hoxe esta convocatoria, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Como exemplos do tipo de proxectos financiados a través do Leader pódense citar aqueles de carácter produtivo vinculados á creación, ampliación e modernización de pemes, en ámbitos como o turismo, empresas prestadoras de servizos, industria etc. Así, apóianse desde pequenas iniciativas de transformación e comercialización de produtos agrarios ata establecementos de turismo rural ou restaurantes, pequenas industrias, talleres, salóns de peiteado ou tendas de ámbito local.

Bono activa rural

Así mesmo, a través da intervención Leader, nesta convocatoria séguese dispoñendo do Bono activa rural como unha subvención que se basea nun importe de axuda a tanto global destinada á creación e posta en marcha de actividades non agrarias nestas contornas. A axuda non estará vinculada á xustificación de ningún gasto ou investimento, senón que se vincula ao mantemento da actividade e ao cumprimento do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

plan empresarial presentado pola persoa beneficiaria durante polo menos cinco anos, contados desde a data da alta censual. Este plan empresarial deberá demostrar a viabilidade económica e técnica da empresa, apoiándose para iso nas condicións de mercado. Os proxectos que se beneficien desta modalidade de axuda concorren cos demais proxectos de natureza produtiva que se presentan ao abeiro das diferentes convocatorias.

As persoas beneficiarias desta tipoloxía de proxectos son as persoas físicas que se dean de alta no réxime de traballadores autónomos e que xeren unha actividade empresarial a título individual na cal polo menos creen o seu posto de traballo. A axuda poderá acadar ata un máximo de 18.000 euros.

Segunda convocatoria ao abeiro do PEPAC

Esta é a segunda convocatoria de axudas ao abeiro do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027. A primeira foi neste 2025, publicada no DOG o pasado día 30 de abril e dotada cun orzamento de 12,6 millóns de euros. Precisamente esta convocatoria acaba de resolverse e vai permitir apoiar 346 proxectos, que suporán a creación de 175 postos de traballo e a consolidación doutros 755 empregos.

Anteriormente, no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia, por medio da medida Leader mobilizáronse 77,5 millóns de euros para operacións a terceiros desde 2017. A través deste investimento apoiáronse 1.580 proxectos, que permitiron a creación de 1.113 postos de traballo e a consolidación de 4.055 empregos.

Leader é unha metodoloxía de desenvolvemento local que leva 30 anos empregándose para facer partícipes os axentes locais no deseño e na posta en marcha das estratexias de desenvolvemento local. Caracterízase polo enfoque abaixo-arriba e impleméntase a través dos GDR, constituídos como asociacións sen ánimo de lucro.

Estes fondos son clave para impulsar o desenvolvemento rural de Galicia e por iso a Xunta está defendendo en todos os foros en que ten presenza que se manteña o esforzo dentro da nova política agraria común, a partir de 2028, para estas políticas. Así, o propio presidente Rueda defendeu recentemente en Bruxelas esta postura e insistiu en rexeitar a nova estrutura proposta, que non garante os dous piares de financiamento diferenciado, un para axudas directas e outro para desenvolvemento rural, como existen na actualidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA INVESTIRÁ MÁIS DE 5,5 M€ NO 2026 PARA GARANTIR A VENDA E CONSUMO SEGURO DUNHAS 200.000 TONELADAS DE MOLUSCOS BIVALVOS

- O Consello da Xunta aprobou a addenda pola que se prorroga durante 2026 o contrato programa plurianual do Intecmar, centro fundamental para manter a boa reputación e a calidade dos moluscos producidos na Comunidade
- Este instituto ten un papel clave para o mantemento da economía das zonas costeiras dependentes do marisqueo e da acuicultura vencellada coa produción do mexillón

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) disporá o ano vindeiro de máis de 5,5 millóns de euros para levar a cabo o seu labor de control da calidade do medio mariño e das zonas de produción de moluscos bivalvos. Trátase dun traballo que garante a venda e o consumo seguro das aproximadamente 200.000 toneladas de moluscos bivalvos que pasan polas poxas nas lonxas galegas. Así o recolle a addenda que prorroga durante 2026 o contrato programa plurianual do centro dependente da Consellería do Mar e que foi aprobada hoxe polo Consello da Xunta.

O Intecmar é un centro clave para o marisqueo e a acuicultura, pois permite comercializar con todas as garantías hixiénico-sanitarias os moluscos producidos en Galicia e manter a súa boa reputación. O nivel de exigencia dos programas de control levados a cabo no centro é máximo e acada un nivel de excelencia na calidade das funcións realizadas. Ten tamén un importante papel no control das enfermidades dos moluscos, no eido da sanidade animal, e colabora na prevención e preparación para facer fronte a posibles episodios de contaminación mariña accidental. Por iso, o seu labor é clave tanto para a economía das zonas costeiras como para a protección do ambiente.

O proxecto de acordo aprobado polo Consello da Xunta recolle a addenda que prorroga o contrato plurianual de xestión coas actuacións que vai realizar o centro durante o 2026, coa determinación dos obxectivos, actuacións, previsións sobre persoal e marco económico-financeiro. A súa aprobación faise de acordo co establecido na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga) e enmárcase no Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do pasado 4 de marzo de 2021.

O acordo inclúe tanto os obxectivos que se perseguen co traballo do Intecmar como as expectativas de resultados e, en xeral, a xestión que se vai desenvolver. Ademais, incorpora as 18 actuacións necesarias para acadar eses obxectivos –con especificación dos marcos temporais correspondentes e dos proxectos asociados a cada unha das estratexias– e os indicadores para avaliar os resultados obtidos.

O labor do Intecmar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia realiza cada ano preto de 300 resolucións de apertura, peche ou cambio de clasificación de zonas, máis de 500 informes do estado das zonas de produción e máis de 600 avisos que chegan a máis de 500 persoas destinatarias por correo electrónico. É un traballo que garante que os produtos que chegan á persoa consumidora polas canles legais procedentes das rías galegas son aptos para o consumo.

Unha mostra da relevancia nacional e internacional do Intecmar neste eido é o feito de que a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN) o designou no 2021 laboratorio nacional de referencia en biotoxinas mariñas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA CON 10 M€ UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA MODERNIZAR OS EQUIPAMENTOS PORTUARIOS

- O Goberno galego dá continuidade a esta liña de apoios autonómicos, a cuarta cofinanciada co Fempa, que será publicada no DOG ao longo do mes de xaneiro
- Na última convocatoria financiáronse 66 proxectos, que supuxeron un investimento superior aos 6 M€

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, impulsa unha nova convocatoria de axudas destinada a proxectos colectivos para a modernización e mellora das infraestruturas e equipamentos dos portos pesqueiros, lonxas, lugares de desembarque e ancoradoiros, cofinanciadas nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

O Consello da Xunta tomou razón hoxe desta orde, dotada cun importe total de 10 millóns de euros, correspondente ás anualidades 2026 e 2027, fronte aos 9 millóns mobilizados na convocatoria anterior. Como novidade destacada nesta convocatoria, as entidades beneficiarias poderán solicitar anticipos ou pagamentos á conta sen ter que presentar garantías, unha medida que facilita o desenvolvemento dos proxectos aprobados, que reduce cargas financeiras e administrativas e que permite unha execución máis áxil das actuacións.

Poderán acceder a estes apoios entidades do sector como as confrarías de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros, cooperativas do mar ou asociacións profesionais de persoas pescadoras, mariscadoras e redeiras. Todas elas son entidades sen ánimo de lucro vinculadas ao sector. Estas axudas permiten fomentar un sistema portuario pesqueiro máis eficiente a nivel económico, tecnoloxicamente avanzado, enerxeticamente sostible, seguro e resiliente fronte ao cambio climático, así como integrador desde o punto de vista social.

A orde establece investimentos destinados á mellora da eficiencia enerxética e transición renovable, a protección do ambiente e a redución da pegada de carbono ou mellora da seguridade e das condicións de traballo das persoas traballadoras. Tamén prevé iniciativas para incrementar a calidade e o control da rastrexabilidade dos produtos do mar ou a modernización e mellora de infraestruturas en portos, lonxas e zonas de desembarque. Estas accións contribúen á modernización da cadea mar-industria e ao reforzo da competitividade do sector pesqueiro galego.

Convocatorias anteriores

No período comprendido entre os anos 2018 e 2023 dentro do período rexido polo FEMP co 75 % de cofinanciamento, subvencionáronse un total de 272 actuacións por un importe de 14.236.710,89 euros. Desde o ano 2023 ata a actualidade e coa vixencia do fondo FEMPA, cun apoio do 70 %, realizáronse 123 actuacións que suman un importe total de 11.758.711,05 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AXILIZA A TRAMITACIÓN E AXUSTA CRITERIOS PARA CHEGAR A MÁIS PERSOAS BENEFICIARIAS COS CASE 4 M€ A PROL DA INNOVACIÓN E SOSTIBILIDADE DO COMERCIO E DA ARTESANÍA

- O Consello do Goberno galego deu hoxe luz verde á orde de axudas de 2026 que conta con tres liñas de apoio compatibles entre si, orientadas á dixitalización e innovación comercial, á modernización, mellora da imaxe e eficiencia e á sostibilidade ambiental
- Amplíanse o período subvencionable e o número máximo de persoas empregadas por solicitante co obxecto de beneficiar máis negocios, con intensidades de apoio que soben do 80 ao 90 % para establecementos involucrados no proxecto Vilas vivas
- No marco do compromiso da Xunta como Administración facilitadora, exíxirase menos documentación tanto na fase de solicitude como na de xustificación, ao tempo que se simplificará e se axilizará o procedemento de concesión e de pagamentos anticipados
- A convocatoria enmárcase no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que consolidará axudas en 2026 e estreará outras como as formacións para aprendices de artesáns (1 M€), ademais de —entre outros— seguir desenvolvendo Vilas Vivas

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á convocatoria de axudas de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o impulso da innovación e sostibilidade do comercio local e artesanal. Cun orzamento de 3,95 M€ e tres liñas compatibles entre si orientadas á dixitalización e innovación comercial, á modernización, á mellora da imaxe e eficiencia e á sostibilidade ambiental mediante unha maior conciencia sobre as embalaxes, a orde amplía o período subvencionable e o número máximo de persoas empregadas por solicitante coa finalidade de chegar a máis negocios beneficiarios, ademais de avanzar na simplificación administrativa para axilizar a concesión das achegas.

Dirixida a comerciantes retallistas con tenda física e a obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, a nova orde procura así apoiar o sector comercial e artesanal no aproveitamento de todas as oportunidades tecnolóxicas e do contexto actual para conectar coa clientela ofrecendo produtos de calidade e deseños únicos e personalizados que melloren a experiencia de compra omnicanle. Tamén apoia no acondicionamento e reforma dos locais comerciais ou na mellora dos equipamentos coa ollada posta na eficiencia enerxética, así como no emprego de materiais con menor impacto ambiental.

Detalles da convocatoria

Coa previsión de publicarse en xaneiro en réxime de concorrencia non competitiva, a nova convocatoria aumenta o límite de persoas empregadas para os negocios

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

beneficiarios ata un máximo de 249 (fronte aos 20 da presente orde), sempre que nos establecementos para os cales se solicita subvención o número de persoas empregadas sexa igual ou inferior a 10, co gallo de apoiar empresas con varias tendas que ata agora non podían acceder ás achegas. Sobre o período subvencionable, amplíase para atender todas as actuacións realizadas desde a fin do período marcado na orde anterior, isto é, desde o 25 de outubro de 2025.

A maiores, exíxirase menos documentación complementaria —tanto na fase de solicitude como na de xustificación— e simplificarase o procedemento de concesión e de pagamentos anticipados co obxecto de axilizar as achegas. Hai novidades tamén sobre as intensidades de axuda, que se elevan do 80 % xeral ao 90 % para establecementos implicados no proxecto de dinamización comercial Vilas vivas.

Canto ás accións subvencionables, a liña de dixitalización e innovación comercial inclúe actuacións como a implantación e o mantemento de páxinas web, ferramentas de posicionamento dixital, terminais de autopagamento, xestión de redes sociais ou loxística comercio electrónico (*e-commerce*), e engádense como novidade as memorias-proxectos de dixitalización. O investimento máximo subvencionable será de 18.750 € e a axuda máxima, de 15.000 €.

Na liña de modernización, cóbrense obras de acondicionamento e reforma da superficie de exposición e venda, incluída a adquisición de mobiliario auxiliar; custos de servizos profesionais para a redacción de proxectos de interiorismo e decoración, así como accións para mellorar a eficiencia enerxética. Tamén se inclúe a adquisición de maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar relacionado coa actividade comercial e artesanal, e incorpóranse como novidade os aparellos eléctricos de aromatización e fío musical. Neste caso, o investimento máximo establécese nos 20.000 € e a axuda máxima, nos 16.000 €.

Por último, na liña destinada á sostibilidade ambiental, considéranse subvencionables as actuacións dirixidas á redución das cantidades de embalaxe mediante a adaptación do seu tamaño á dimensión dos produtos, con investimentos en caixas de cartón ou bolsas de papel 100 % reciclado, recheos para embalaxe, bolsas de tea de algodón, liño ou cânabo 100 % e, como novidade, en bobinas de papel 100 % reciclado. Nesta liña, o investimento máximo subvencionable será de 2.500 € e a axuda máxima, de 2.000 €.

Cómpre engadir que no presente ano 2025 foron beneficiarios da convocatoria de axudas para a innovación e sostibilidade do sector comercial e artesanal un total de 728 negocios (664 comerciantes retallistas e 64 obradoiros artesáns) por un importe global de case 3,9 M€.

Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030

A orde aprobada hoxe no Consello da Xunta enmárcase no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que consolidará convocatorias de axuda en 2026 e estreará outras iniciativas novas como as formacións para aprendices de artesáns (1 M€). Entre outros fitos, seguirase avanzando na iniciativa Vilas vivas —implantada xa en Ribadavia—,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impulsarase a Rede de mercados excelentes, crearase a Mesa Autonómica do Comercio Local e estrearase o campus virtual do Plan de formación do comercio galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ DE NOVO A COMEZOS DE 2026 AS AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN DA CONTORNA PAISAXÍSTICA E LOITA CONTRA A EROSIÓN DE VIÑEDOS NA RIBEIRA SACRA

- Poderán beneficiarse destas achegas dotadas cun total de 1,5 millóns de euros as persoas viticultoras desta zona que co cultivo da vide contribúen á súa singularidade paisaxística
- A contía individualizada será, como máximo, de 1.000 e de 2.000 euros por hectárea segundo o tipo de cultivo, en función de se é mecanizado ou non mecanizado, respectivamente
- No territorio da Ribeira Sacra o sector vitivinícola é un motor económico fundamental, con cultivo de viñedo en zonas en muras de pedra e socalcos, que determinan o mantemento dunha cultura agraria propia e favorecen o asentamento de poboación

A Consellería do Medio Rural publicará a comezos de 2026 unha nova convocatoria das axudas á conservación paisaxística e á loita contra a erosión dos viñedos da Ribeira Sacra, que contará cun orzamento de algo máis de 1,5 millóns de euros, financiado integramente con fondos propios da Administración autonómica. Así o recolle o informe elevado hoxe ante o Consello da Xunta e que recoñece a contribución do cultivo da vide á singularidade paisaxística desta zona.

Neste sentido, estas achegas están destinadas a pór en valor o labor que desenvolven as persoas viticultoras inscritas na Denominación de Orixe (DO) Ribeira Sacra e que colaboran, co seu cultivo, á conservación desta contorna de cara a evitar o abandono e a desaparición dos socalcos. Ao tempo, esta zona goza dun atractivo turístico en crecemento, ao cal contribúe a candidatura a patrimonio da humanidade pola UNESCO.

Poderán beneficiarse destas achegas os viticultores no ámbito da DO Ribeira Sacra que estean inscritos nos rexistros do Consello Regulador. A contía individualizada será, como máximo, de 2.000 euros por hectárea para o sistema de cultivo tipo 1, aquel que se realiza en zonas con socalcos de pedra de xeito non mecanizado; e de 1.000 euros por hectárea para o sistema de cultivo tipo 2, que se leva a cabo de forma mecanizada. Para realizar o cálculo do importe, terase en conta a superficie de viñedo inscrita e, en todo caso, non se concederán achegas superiores aos 50.000 euros por persoa beneficiaria.

No territorio da Ribeira Sacra o sector vitivinícola é un motor económico fundamental, con cultivo de viñedo en zonas en muras de pedra e socalcos, con sistemas produtivos moi eficientes que determinan o mantemento dunha cultura agraria propia e que favorecen o asentamento de poboación e a proxección de futuro para as xeracións máis novas.

Beneficiarios do ano 2025

Estas achegas convocáronse por primeira vez no ano 2025 e beneficiaron un total de 794 expedientes, cun orzamento de algo máis de 1,3 millóns de euros. As axudas representaron unha superficie de arredor de 810 hectáreas, das cales 519 tiñan un

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sistema de cultivo tipo 1 e as 291 hectáreas restante correspondíanse cun sistema de cultivo tipo 2.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR 640.000 EUROS AS OBRAS DE RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS DE PANTALÁNS EN DEZ PORTOS

Os portos beneficiarios serán Lorbé (Oleiros), Muxía, Muros, A Barquiña (Outes), Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Carril (Vilagarcía), Vilanova de Arousa, O Grove e Baiona

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, iniciou hoxe o procedemento de licitación das obras de renovación de pavimentos de pantaláns nos portos de Lorbé (Oleiros), Muxía, Muros, A Barquiña (Outes), Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Carril (Vilagarcía), Vilanova de Arousa, O Grove e Baiona. As obras saen a concurso público cun orzamento base de licitación de 638.400 euros.

Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles para as persoas interesadas na Plataforma de contratos de Galicia, no perfil de contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia, www.portosdegalicia.gal. Os licitadores terán de prazo 26 días naturais para presentar as súas ofertas.

As obras previstas consisten no desmonte do pavimento de madeira de pasarelas, pantaláns e *fingers* deteriorados, formado por táboas e dormentes de madeira, e na posterior substitución por novo pavimento tecnolóxico de maior durabilidade e resistencia. O prazo de execución previsto para os traballos é de sete meses.

Con esta actuación, Portos de Galicia mellorará a seguridade do tránsito nestas instalacións flotantes, ao minimizar os riscos de esvarar ou de accidente. Ademais, quedarán repostas as táboas en mal estado debido á deterioración do material polas condicións climatolóxicas severas que soportan e pola acción do mar.